



enerxía e clima
XORNADAS
a hora do planeta



enerxía e clima
XORNADAS
a hora do planeta

Organiza



Colabora



Organiza



Colabora



Programa

Pazo de San Marcos (Deputación de Lugo)

O sector enerxético é responsábel da maior parte das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) en Galicia, causantes do cambio climático. Para os ecoloxistas, o obxectivo central dunha política enerxética debería ser non o incremento da produción senón a redución do consumo de enerxía, desvencellando o aumento da demanda do crecemento económico. Estimular o aforro, mellorar a eficiencia e procurar a suficiencia enerxética deberían ser os eixos da planificación enerxética, xunto co fomento das renovábeis e a substitución progresiva das non renovábeis.

O desenvolvemento e a implantación das enerxías renovábeis debería comezar a nivel doméstico e non só industrial, fomentando o autoabastecemento, o aforro e a eficiencia xa dende o fogar. Parques eólicos, instalacións de biomasa, fotovoltaicas etc. deberían garantir a mínima afección ambiental, os máximos beneficios sociais e unha maior aproximación á alternativa efectiva (obxectivo: KW limpo por KW sucio).

En Galicia, o desenvolvemento das enerxías renovables non trouxo as melloras sociais e económicas agardadas, mesmo foi fonte de conflitos cidadás e importantes impactos ambientais.

Queremos tamén incidir na importancia do aforro, a eficiencia e a suficiencia enerxética co obxectivo de conter a demanda que é chave para reverter o actual escenario enerxético local e global, no contexto da mudanza climática.

A implicación da cidadanía resulta chave para achegar cara a sustentabilidade ao actual modelo enerxético. Por iso as medidas de divulgación social, concienciación e educación ambiental deben formar parte dunha política enerxética que require do compromiso da cidadanía e das administracións.



Do 12 ao 24 de marzo

Exposición sobre o cambio climático.

Inauguración luns 12 ás 12 h.

Elementos expositivos sobre mudanza climática, impactos e consecuencias, gasto enerxético, medidas de aforro...

Martes 20

Xornada “Enerxía e Clima - A Hora do Planeta”

10.30 h. **Benvida institucional e contextualización.**

10.45 h. **O cambio climático: impactos e previsións.** *Pablo Ramil, director do IBADER e experto/a do panel científico galego contra o cambio climático.*

11:30 h. **Debate**

11.45 h. **Pausa Café**

12 h. **A contaminación das fontes de xeración enerxética.** *Ramón Varela Díaz, experto en contaminación atmosférica.*

12.45 h. **Crise enerxética e decrecemento no marco dos acordos de París.** *Xoán Doldán, USC.*

13:30 h. **Debate**

16:30 h. **O modelo enerxético galego.** *Adrián Dios Vicente, USC.*

17:15 h. **A factura eléctrica: aforro e eficiencia no fogar.** *Pablo Álvarez Fernández, Coop. Nosa Enerxía.*

18 h. **A problemática da contaminación lumínica.** *Fins Eirexas, ADEGA.*

18:45 h. **Debate.**

20 - 22 h. **Roteiro vespertino urbano pola cidade de Lugo para avaliar a contaminación lumínica e a problemática da iluminación exterior.**



Parque experimental de Sotavento

Mércores 21

Visita crítica á vivenda bioclimática experimental e ao parque eólico de Sotavento (Xermade, Lugo).

Saída ás 16 h dende Lugo, Av. Ramón Ferreiro, fronte á Escola de Formación do Profesorado. Comezo da visita ás 17 h.